



C O N C E L L O  
DE  
27865 O U R O L  
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Tel.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

## ANUNCIO

DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL,  
PROVINCIA DE LUGO

### FAI SABER

Ante a incidencia do COVID-19 (coronavirus) a **Xunta de Galicia**, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, emitiu o venres 3 de abril de 2020 unha **NOTA INFORMATIVA SOBRE ABASTECIMENTOS DE AUGA DE CONSUMO PÚBLICO CON MOTIVO DA ALERTA SANITARIA POR COVID-19**. Nesa nota indícase:

*En canto ás fontes públicas, dado que son instalacións onde se pode ter máis contacto coas mans ou a boca e non se pode garantir a ausencia de COVID-19 na superficie das billas e doutros elementos construtivos, recoméndase que non se utilicen mentres dure esta crise sanitaria, ou, nos casos que sexa posible, deixalas sen funcionamento e adoptar medidas para evitar o acceso.*

Por todo isto, durante o Estado de Alarma e ata a indicación contraria, o Concello de Oourol conforme ao mandato da Xunta de Galicia toma a seguinte medida preventiva:

- Procederáse ao precintado e peche de tódalas fontes públicas do Concello de Oourol, sendo o subministro de auga potable garantido a través da rede de abastecemento municipal.

Desde o Concello de Oourol queremos agradecer a todos aqueles que cumpren escrupulosamente co confinamento nas súas vivendas, xa que o esforzo individual terá como resultado o ben e a saúde de todas e todos.

O que se pon en coñecemento de todos os veciños en xeral.

Oourol, 7 de abril de 2020

O Alcalde - Presidente

